



CONCELLO DE BOBORÁS

ORDENANZA FISCAL POLA QUE SE REGULA A TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E USO DA PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE BOBORÁS

FUNDAMENTO LEGAL:

Artigo 1.-En uso das facultades que lle outorga o artigo 133.2. e 142 da Constitución Española, artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, 20 a 27 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/. 2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola prestación de servizos e uso da piscina municipal. Estas tarifas rexeranse pola presente Ordenanza Fiscal.

FEITO IMPOÑIBLE:

Artigo 2.- Constitúe o feito imponible da taxa a utilización da instalación da piscina municipal, así como dos servizos que presta e das actividades desenvolvidas polo Concello a través da Concellería Delegada de Deportes, en virtude de convenios ou acordos con terceiros.

SUXEITO PASIVO:

Artigo 3.- As persoas físicas ou xurídicas e entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que se beneficien do aproveitamento ou utilización da instalación municipal, así como dos usuarios ou beneficiarios dos servizos prestados e/ou das actividades organizadas por parte do Concello. Os usuarios das devanditas instalacións e/ou servizos e actividades son os seguintes:

- *Clubs e asociacións deportivas
- *Centros de ensino
- *Organizacións oficiais
- *Abonados e grupos organizados (peñas)
- *Usuarios privados

RESPONSABLES:

Artigo 4.- Serán responsables subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo e, polo tanto, as persoas ou entidades que efectivamente utilicen a piscina, ou se beneficien dos servizos e actividades que se presten, responderán solidariamente, segundo o disposto no regulamento. Lei Xeral Tributaria.

Queda prohibido calquera subarrendamento das instalacións a terceiros.

TIPO IMPOSITIVO:

Artigo 5.- A cota impositivo desta taxa determinarase a partir do seguinte cadro de tarifas:

	Familiar	Máis de 16 anos	De 4 a 16 anos
Por entrada persoal	-	2,50	1,50 €
Ídem para 15 días por persoa	-	30,00 €	15,00 €
Ídem para 30 días por persoa	-	45,00 €	30,00 €
Ídem para 30 días e familiar	90,00 €	-	-
Ídem para 15 días e familiar	50,00 €	-	-
Ídem para 2 meses e familiar	160,00 €	-	-
Ídem temporada familiar (3 meses)	220,00 €	-	-

* Os menores de 4 anos non aboaran ningún tipo de taxa polo uso das instalacións





CONCELLO DE BOBORÁS

Cobrarase 1,00 € por usuario para os grupos legalmente constituídos por 15 persoas ata 16 anos que teñan unha finalidade cultural, educativa, deportiva ou social. Así mesmo, tamén se incluírán nesta modificación os usuarios de calquera idade que formen parte dun grupo de 15 persoas pertencentes a un colectivo declarado de interese público.

Os grupos deberán comunicar mediante inscrición con 15 días naturais de antelación o día e a hora de asistencia á Concellería Delegada de Deportes do Concello de Boborás.

O regulamento de réxime interior de uso da instalación contemplará os requisitos e a documentación para a obtención dos descontos que se aplicarán por razóns de interese público, social, cultural e deportivo.

Poderanse realizar CONCERTOS con Centros Escolares para a actividade de natación escolar (ata 16 anos), coas seguintes tarifas e características:

DESTINATARIOS: CEIP Nosa Señora de Xuvencos:

De luns a venres

Máximo 5 horas á semana (posible o mesmo día ou días diferentes)

A unidade familiar será a formada por :

En caso de matrimonio, polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houbese:

Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.

Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada. Tras a reforma do Código Civil tamén se inclúen os fillos maiores de idade con discapacidade sobre os que se estableceu unha curatela representativa por resolución xudicial.

Se non existe matrimonio ou nos casos de separación legal, está formada por:

O pai ou a nai e a totalidade dos fillos que convivan cun ou outro e reúnan os requisitos sinalados anteriormente.

A maioría de idade alcánzase aos 18 anos.

No caso de familia monoparental considerárase o núcleo familiar o formado por un único proxenitor e os fillos ao seu cargo.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente o día 31 de decembro de cada ano.

EXENCIÓNS

Artigo 6.-Non se concederán exencións respecto da Taxa obxecto desta Ordenanza, salvo as previstas na normativa aplicable.

DEVOLUCIÓN:

Artigo 7.-A taxa devéngase e a obriga de pagamento nace dende o momento en que se solicita o uso da piscina, do servizo ou da actividade, previa solicitude do interesado.

Cando por causa non imputable ao contribuínte non se autorice o uso da instalación, nin se preste o servizo ou actividade municipal solicitada, procederase á devolución do importe aboado.

No caso dos bonos de 30 días ou 15 días, estes podrán ser gastados polos usuarios ao longo da temporada, sen ter que ser días seguidos. No caso de non utilizar o bono durante a temporada do exercicio en curso, os importes gastados polos bonos non serán reembolsables.

XESTIÓN E RECADACIÓN:

Artigo 8.-A xestión, liquidación e cobro das Taxas corresponderalle ao Concello, que poderá delegar as ditas competencias nos termos previstos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (artigos 7 e ss.). No caso de delegación, o Concello resérvase a facultade de inspeccionar a xestión.





CONCELLO DE BOBORÁS

A Área de Deportes do Concello controlará a xestión, liquidación e cobro das taxas a través da aplicación informática instalada para estes efectos.

Artigo 9.- Correspóndelle ao Concello a aprobación das tarifas que se imputen aos contribuíntes, que teñen dereito a ser informados das tarifas que estean en vigor. Así mesmo, o contribuínte ten dereito a obter o xustificante do pagamento da taxa.

Artigo 10.-A taxa desta Ordenanza poderá ser revisada anualmente en función do custo no que efectivamente incorre o Concello de Boborás.

INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE DO USO:

Artigo 11.- Cando por mor da utilización dalgunha das instalacións municipais, estas sofren danos ou desperfectos, o beneficiario do uso estará obrigado, sen prexuízo do pagamento da taxa, a aboar o custo total da reparación ou gastos de reconstrución ou se fosen irreparables á súa indemnización. Tendo en conta que, en ningún caso estas cantidades poderán ser condonadas total ou parcialmente.

DISPOSICIÓN FINAL:

Esta Ordenanza Fiscal entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do día seguinte ao da súa publicación definitiva no «Boletín Oficial da Provincia», permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

